



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada (A Coruña)
Tfno.: 981 62 00 75
Fax: 981 62 12 74
<https://sede.sada.gal>

exp. 2020/G007/000012

CERTIFICACIÓN

MARÍA DEL CARMEN SEOANE BOUZAS, SECRETARIA DO CONCELLO DE SADA (A CORUÑA),

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local na súa sesión telemática ordinaria do 20.08.2020 adoptou, entre outros, o acordo que a continuación se transcribe literalmente na súa parte dispositiva:

<<5º.- Contratación por procedemento aberto simplificado da obra incluída no POS+2020 Mellora de instalacións e pavimento en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada).

1º.- Aprobar o expediente para a contratación da obra de “Mellora de instalación e pavimentos en camiños de Piñeiro, Meirás (Sada), incluída no POS+2020, segundo o proxecto técnico redactado polo Arquitecto D. Gonzalo Mantiñán Campos, cun presuposto base de licitación de 114.568,52 euros (prezo sen IVE: 94.684,73 euros, IVE: 19.883,79 euros) e un valor estimado de 94.684,73, por considerar claramente determinadas naquel a natureza e extensión das necesidades correspondentes e a idoneidade do contrato para satisfacelas, así como xustificadas no mesmo tanto a elección do procedemento de adjudicación como os demais extremos que establece o artigo 116 da Lei de Contratos do Sector Público.

2º.- Autorizar o gasto con cargo á aplicación 453 61900 2020 2 13 6 1do Presuposto municipal.

3º.- Aprobar o correspondente cadro de características que xunto co o prego tipo de cláusulas administrativas particulares aprobado pola Deputación o 25/05/2018 (BOP nº 101 do 30/05/2018), rexerán a preparación e desenvolvemento do contrato.

4º.- Dispoñer a apertura do procedemento de adjudicación mediante publicación no Perfil de Contratante(contrataciondelestado.es) do anuncio de licitación e demais información establecida no artigo 63 da Lei de Contratos do Sector Público, para a presentación de proposicións durante o prazo establecido no prego.

5º.- A Mesa de contratación estará formada polo Alcalde, como Presidente, a Secretaria da Corporación, o Interventor, o Concelleiro delegado de obras e servizos, o Enxeñeiro técnico municipal, e un funcionario de Secretaría como secretario da Mesa.

6º.- Designar como responsable do contrato e director da obra ao Enxeñeiro técnico municipal D. Valentín Medina Prieto, a quen corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias para asegurar a correcta realización do mesmo, dentro do ámbito de facultades que lle atribúe o Prego de cláusulas administrativas particulares>>.

E para que conste e para os efectos oportunos expido o presente certificado asinado dixitalmente, a reserva dos termos que resulten da aprobación da acta correspondente, co visado do alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, o 20 de agosto do 2020.